5. Incrementar a automotivación e a autonomía persoal a través da proposta de desafíos e a resolución de problemas. Coñecer e tomar conciencia dos beneficios sociais e económicos que proporciona a iniciativa privada á sociedade na que vivimos.
6. Desenvolver habilidades de comunicación verbal e non verbal que permitan participar en actos comunicativos diversos, respectando o espazo dos interlocutores e evitando os elementos inhibidores da comunicación.
7. Utilizar o diálogo como medio que permita expresar, interpretar e conectar pensamentos e argumentos que favorezan a comunicación e o recoñecemento de elementos comúns de diversos puntos de vista.
8. Adquirir noções básicas sobre a intelixencia interpersonal e o altruísmo, que fortalezan a cohesión grupal, a interacción social e actitudes desinteresadas cara ás persoas que o rodean.
9. Analizar as causas e as consecuencias de prexuízos de diversa índole para desenvolver o respecto e a tolerancia cara ás diferenzas persoais e sociais.
10. Analizar as directrices da Declaración Universal dos Dereitos Humanos en canto á liberdade de expresión, de opinión, de pensamento, de conciencia e de relixión, tomando conciencia da importancia da aplicación dos devanditos dereitos no ámbito escolar, familiar e social.
11. Resaltar a vulneración de dereitos e liberdades fundamentais a través da análise de feitos sociais discriminatorios, tales como o holocausto, os campos de concentración, o maltrato e as minorías étnicas.
12. Adquirir coñecementos e medidas básicas que favorezan a prevención e a actuación ante os accidentes que acontecen no ámbito escolar.
13. Desenvolver a cooperación e a interdependencia positiva para equilibrar as carencias individuais e potenciar actitudes colaboradoras que permitan afrontar retos comúns e crear lazos afectivos duradeiros.
14. Recoñecer e respectar os dereitos e deberes do alumnado para poñelos en práctica no centro escolar.
15. Aprender a resolver situacións de conflito realizando xuízos morais, utilizando unha linguaxe positiva e aplicando as fases da mediación formal, para transformar as devanditas situacións en oportunidades de aprendizaxe e crecemento persoal.
16. Entender o significado da responsabilidade e a xustiza social para poder detectar e analizar situacións de desigualdade social no seu ámbito máis próximo.
17. Tomar conciencia da importancia de exercer os dereitos e os deberes derivados do pagamento de impostos para gozar dos beneficios que nos achegan e previr desequilibrios económicos e sociais.

18. Adoptar unha actitude crítica ante as accións do home que non favorecen o respecto, a conservación do medio ou o equilibrio ecolóxico.

### **Contidos:**

#### **Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.**

O autoconceito. O autocoñecemento. A autovaloración. Os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo.

O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia.

A iniciativa. O emprendemento. A automotivación. A autoproposta de desafíos. Responsabilidade. A toma de decisións persoal meditada. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.

#### **Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.**

As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e xeito de falar. A iniciación, mantemento e finalización de conversacións. Os inhibidores da comunicación.

O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos demais. A escoita activa e a axuda.

A empatía. A intelixencia interpersoal. O altruísmo.

O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. As diferenzas culturais. As consecuencias dos prexuízos.

Os dereitos e deberes. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos: liberdade de expresión e opinión. A liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. A análise de feitos discriminatorios. Os dereitos e deberes do alumnado.

#### **Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.**

A interdependencia e a cooperación. As condutas solidarias. A aceptación do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compartir puntos de vista e sentimentos.

A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. As fases da mediación formal. A transformación do conflito en oportunidade.

Os valores sociais e a democracia. A responsabilidade social. A xustiza social. Os servizos públicos e os bens comúns.

O respecto e a conservación do medio. A actitude crítica ante a falta de respecto e conservación do medio.

### **c) Criterios de avaliación:**

#### **Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.**

Valorar a respectabilidade e a dignidade persoal, desenvolver un estilo persoal positivo e empregar as emocións de forma positiva para facilitar o pensamento.

Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais, empregar estratexias de reestruturación cognitiva para superar as dificultades que xorden, e responsabilizarse do ben común.

Ter un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais, propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisións persoal meditada e responsable.

#### **Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.**

Iniciar, manter e finalizar conversacións cun xeito de falar adecuado aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación, para superar barreiras, e os que permiten lograr proximidade.

Crear pensamentos compartidos a través do diálogo, en busca do mellor argumento.

Desenvolver de acordo á idade os aspectos da intelixencia interpersoal, e valorar e practicar o altruísmo no ámbito máis próximo.

Razoar as consecuencias dos prexuízos sociais, analizar os problemas que provocan e reflexionar sobre o efecto que teñen nas persoas que os sofren.

Comprender a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, e a liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

### **Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.**

Potenciar a resolución de problemas en colaboración, mostrar condutas solidarias e poñer de manifesto unha actitude aberta cara aos demais para compartir puntos de vista e sentimentos.

Transformar o conflito en oportunidade, coñecer e empregar as fases da mediación, e utilizar a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.

Asumir os dereitos e deberes do alumnado, realizar xuízos morais de situacións escolares utilizándoos como referencia, e resolver dilemas morais con supostos prácticos que reflectan situacións escolares.

Coñecer e apreciar os valores da Constitución española; dereitos e deberes; comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social.

Manter unha actitude crítica ante as faltas de respecto á conservación do medio.

### **d) Estándares de aprendizaxe:**

#### **Bloque 1: A identidade e a dignidade da persoa.**

Razoa e expresa por escrito o valor da respectabilidade e a dignidade persoal.

Coñece e asume os trazos característicos da propia personalidade.

Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións.

É capaz de expresar os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos demais nas actividades cooperativas.

Aplica o autocontrol á toma de decisións, así como a negociación e a resolución de conflitos.

Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos.

É consciente dos problemas escolares e séntese seguro e motivado para resolvelos.

Identifica, define problemas e implanta solucións potencialmente efectivas.

Define e formula problemas claramente.

Comprende e expresa por escrito a importancia da iniciativa privada na vida económica e social.

Actúa estimando as consecuencias das propias accións e desenvolvendo actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais de interacción social.

Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións.

Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión.

## **Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais.**

Coñece e emprega adecuadamente os sistemas de comunicación non verbal xestual, icónica, táctil instintiva e sonora instintiva en situacións reais e simuladas.

Coida as expresións co obxecto de mellorar a comunicación e facilitar o achegamento co seu interlocutor nas conversacións.

Mostra interese polos seus interlocutores e predisposición a compartir sentimentos e pensamentos cando dialoga.

Reflexiona sobre factores inhibidores da comunicación e expresa conclusións en traballos creativos.

Infire e dálle o sentido adecuado á expresión dos demais no diálogo.

Utiliza correctamente as estratexias de escoita activa.

Relaciona diferentes ideas e opinións para encontrar os seus aspectos comúns.

Desenvolve un bo autoconcepto, é capaz de autocontrolarse e pon en xogo a motivación apropiadamente.

Utiliza a capacidade de empatizar e as diferentes habilidades sociais para favorecer o benestar individual e contribuír á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.

Móstrase xeneroso no seu ámbito próximo.

Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.

Detecta e axuíza criticamente prexuízos sociais que se producen no seu ámbito próximo.

Analiza e describe verbalmente os problemas que orixinan os prexuízos sociais.

Expón razoadamente consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do ámbito social próximo.

Valora e respecta a libre expresión de todos os membros da comunidade educativa.

Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias durante as achegas de ideas, debates e traballos en equipo.

Relaciona diferentes culturas e relixións coas formas de pensamento de persoas pertencentes a elas.

### **Bloque 3: A convivencia e os valores sociais.**

Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.

Desenvolve proxectos e resolve problemas escolares en colaboración.

Mostra boa disposición a ofrecer e recibir axuda.

Mostra condutas solidarias e traballa cooperativamente.

Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais para compartir puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.

Resolve os conflitos de modo construtivo.

Coñece e emprega as fases da mediación en situacións reais e simulacións.

Emprega a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.

Analiza as emocións, os sentimentos, e posibles pensamentos e puntos de vista de protagonistas de mensaxes audiovisuais que entran en conflito.

Coñece e enumera dereitos e deberes do alumnado, e actúa en coherencia con eles.

Realiza xuízos morais de situacións escolares.

Actúa de forma coherente con valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontarse aos problemas.

Participa no ámbito escolar dun modo responsable.

Realiza unha avaliación crítica das desigualdades que detecta a través dos medios de comunicación.

Axúza criticamente os valores implícitos en situacións vividas ou presentadas mediante elementos audiovisuais, de acordo cos cales, se constitúe a vida en común nunha sociedade democrática.

Comprende, valora e expón por escrito o deber da achega cidadá ao ben da sociedade.

Coñece e explica verbalmente que os impostos serven para poder proporcionar recursos sociais que melloran a calidade de vida dos cidadáns.

Analiza, explica e expón, mediante imaxes, as causas e as consecuencias da intervención humana no medio.

Investiga criticamente a intervención humana no medio e comunica os resultados.

Compórtase de acordo coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio.



### **e)Competencias clave:**

#### ***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, e resolver problemas e xuízos morais de diversos problemas sociais e históricos.

#### ***Comunicación lingüística***

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos de textos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita, e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica. Todo iso co obxectivo de favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos, etc. Trataremos desde esta área de que adquiren as destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, e para iso, procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

### ***Competencia dixital***

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e á vez, nos ensine o seu uso responsable; a devandita competencia favorecerá dous tipos de traballo: autónomo e participativo, nos que se fomentará a identidade persoal e a relación interpersoal, respectivamente, desde unhas bases sólidas nas que poidan empezar a xerar os seus propios criterios sobre situacións reais da sociedade na que viven.

### ***Conciencia e expresións culturais***

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

### ***Competencias sociais e cívicas***

A área de Valores Sociais e Cívicos pídennos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que lle axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

### ***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor***

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará ao alumnado, xa que se iniciará no autocoñecemento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras que faciliten a asunción da complexa convivencia social propiciando valores de interdependencia positiva e cooperación, de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

### ***Aprender a aprender***

A competencia de aprender a aprender favorece a forma en que o proceso de ensino-aprendizaxe se vai consolidando no alumnado. As metodoloxías empregadas nesta área estarán relacionadas co traballo de investigación, de forma que a participación e a implicación do alumnado sexa real, así como o recoñecemento e a aceptación das normas sociais e de convivencia.

Nesta área insistirase na relación entre o progreso persoal e o académico, xa que iso supoñerá unha das bases para que se inicien na construción do seu propio proxecto persoal de vida.

### **ACTIVIDADES 6º E. PRIMARIA**

O tipo de actividades a desenvolver para acadar os obxectivos propostos comprenderán:

- .- Actividades individuais / grupais para a procura de información
- .- Realización de Proxectos de Investigación nas distintas áreas, seguindo un guión pre-establecido.
- .- Estratexias de planificación do traballo, organización escrita da información recollida.
- .- Lectura e Exposición oral do traballo realizado.
- .- Elaboración e tratamento de documentos propios nos dispositivos dixitais. Utilización preferente das TIC.
- .- Tarefas integradas por competencias.
- .- Actividades dos materiais de texto á nosa disposición na plataforma EVA (Edixgal).
- .- Actividades de creación propia do profesorado engadidas á plataforma dixital e Aula virtual do centro.

### **METODOLOXÍA 6º E. PRIMARIA**

Tomando como referente os principios metodolóxicos do noso decreto de currículo (decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidades Autónoma de Galicia), poñeremos como principal punto de partida da nosa práctica docente, a importancia da diversidade dos alumnos, promovendo para iso unha atención individualizada, previndo as posibles dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo naqueles que se detectan necesidades nos que caben destacar 6 casos. Non presentan grandes dificultades a nivel cognitivo, simplemente, que os seus ritmos de aprendizaxe son inferiores ao que lles correspondería por idade e curso e que precisan dunha atención máis específica e con materiais de reforzo e recursos específicos que melloren as súas características e así acaden o logro de adquisición dos obxectivos das competencias clave do curso.

Para poder atender a estas singularidades das aulas, empregaremos diferentes medidas organizativas e curriculares que se adapten as súas necesidades. Empregaremos como principal medida o reforzo individualizado con profesorado con dispoñibilidade horaria para traballar aqueles aspectos que precisen mellorar para acadar con éxito o desenvolvemento axeitado das competencias clave, así como o contacto permanente co Departamento de Orientación para contar co profesorado de P.T.

Como centro Edixgal, cada alumno de 6º de primaria dispón dun dispositivo individual para acceder á plataforma virtual e realizar as tarefas encomendadas.

Ademais desta medida, traballaremos outras estratexias que faciliten a integración, participación e socialización de todo o alumnado (dado que hai alumnado procedente do estranxeiro, con descoñecemento da lingua galega).

Entre estas medidas destacar:

a) Aprendizaxe cooperativa/colaborativa.

A metodoloxía que utilizaremos está baseada na estrutura cooperativa, que a podemos definir como: o uso didáctico de equipos reducidos de alumnos, xeralmente de composición heteroxénea en rendemento e capacidade, utilizando unha estrutura da actividade tal que asegure ao máximo a participación equitativa (para que tódolos membros de equipo teñan as mesmas oportunidades de participar) e potencie ao máximo a interacción simultánea entre eles, coa finalidade de que tódolos membros do equipo aprendan os contidos propostos, cada un ata o máximo das súas posibilidades e aprendan, ademais, a traballar en equipo.

b) Liñas metodolóxicas xerais.

Por outro lado, teranse en conta as liñas metodolóxicas xerais:

- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, facendo referencias ás súas aprendizaxes anteriores, así como ao desenvolvemento do neno/a e ás súas características psicoevolutivas.
- Elaboraremos esquemas e mapas conceptuais para comprendermos a estrutura do tema que imos traballar.
- Seguiremos unha metodoloxía expositiva, investigadora (ao través de proxectos de procura documental), descubridora, creativa, activa e participativa, fomentando debates e discusións para fomentar a creación dun espírito crítico.

- Consideramos necesario aumentar a retención (memorización) de coñecementos, pero sempre co fin de que esas aprendizaxes sexan significativas e funcionais.
- Fomentaremos unha aprendizaxe activa e autónoma (aprender por si mesmo).
- Procuraremos a socialización do alumnado propiciando o diálogo e a súa participación na organización da vida na aula.
- Daremos especial importancia á cooperación, aproveitando as potencialidades da titorización entre iguais.
- Proporcionaremos guías e estratexias de aprendizaxe, fomentaremos o afán de superación e a interiorización das normas do centro.
- Procuraremos traballar a comprensión e expresión lectoras así como a expresión oral nos seus distintos aspectos (escoitar, falar, discurso, debate, exposicións, técnicas gráficas, manipulación matemática....).
- Incorporaremos este curso o recurso de lectura on-line. Mediante a inscrición do centro na plataforma de lectura interactiva Fiction Express intentaremos mellorar a competencia lectora do alumnado.
- Aproveitaremos os recursos dos que dispoñemos como centro Edixgal para integrar plenamente as TIC no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Negociaremos as rutinas da clase co alumnado, e as exporemos claramente na aula (horarios, normas...).

## AVALIACIÓN 6º E. PRIMARIA

### PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumno será **inicial** para ver o nivel de coñecementos previos que posúe o alumnado e adaptar as aprendizaxes na medida do posible as súas características e necesidades; **continua e global**, valorando o proceso e progreso do alumnado ao longo do curso a través das tarefas e metodoloxías a empregar así como o grado de consecución das competencias clave e **final** para valorar as aprendizaxes adquiridas ao longo do curso.

A avaliación irá enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos, para elo será necesario diversificar as ferramentas, establecer os tempos e espazos na aula para a avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Os mestres e mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumno como os procesos de ensinanza e a súa práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro na programación.

#### ● Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Tarefas diarias (Td)
- Rexistros individuais (Ri)
- Diarios de clase (Dc)
- Fichas de seguimento (Fs)
- Probas orais e escritas (Po-e)
- Cadernos de traballo (Ct)
- Traballo diario na plataforma EVA (T-eva)

- Tarefas da aula virtual (T-av)
- Traballos voluntarios e traballos de clase (Tv-c)
- Cadernos de rexistro para a coavaliación do traballo dos equipos (Cr)
- Rúbricas (Rb)
- Rexistros para a autoavaliación do uso de ferramentas tecnolóxicas e análise das fontes de información (Rx)

## **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN**

### **Avaliación Inicial.**

As probas de avaliación inicial partirán dos obxectivos e contidos mínimos que o alumnado debeu adquirir ao finalizar o curso anterior e realizaranse durante o meste de setembro.

### **Obxectivos:**

- Detectar as características dos alumnos/as ao comezar o curso nos contidos das áreas.
- Saber que alumnos/as teñen dificultades de aprendizaxe dende principio de curso e cales son as súas carencias para posteriormente realizar un programa de traballo con este alumnado.

- Informar ás familias sobre a situación inicial dos seus fillos/as para implicar á familia no proceso educativo.
- Enlazar as aprendizaxes dos alumnos de quinto curso de Primaria co sexto curso.
- Detectar dificultades de aprendizaxe.

### **Avaliación continua**

A avaliación terá un carácter continuo e teranse en conta os logros do alumnado, así como a súa evolución.

Os traballos presentados deberán respectar unhas normas de presentación establecidas, dependendo, en cada caso, do que se esixa en cada un deles.

É importante que o alumnado traia o día de clase aquel material que se lle pida para unha actividade concreta.

Realizarase a avaliación empregando diferentes instrumentos de avaliación que se concretan na programación de cara área.

En canto á periodicidade coa que se farán as probas escritas, haberá unha proba escrita por cada unidade didáctica do curso.

En canto á valoración da observación do traballo na aula e os instrumentos para a recollida desta información. Teranse en conta a *procura de información, presentación, exposición oral, caderno de clase, traballos de aula, lectura da biblioteca de aula, axilidade mental para o cálculo, respecto polas normas polo material e polos compañeiros.*

A nota final será a nota media das tres avaliacións nas asignaturas de Matemáticas, Ciencias Naturas e Ciencias Sociais. En Lingua Galega e Lingua Castelá, polos estándares comúns que hai nas tres avaliacións, predominará a nota sacada na última avaliación seguindo o principio de avaliación continua.

**Criterios de cualificación:**

| <b>CRITERIOS</b>  | <b>VALORACIÓN</b> | <b>INSTRUMENTOS</b>  |
|---|-------------------|--|
| - <b>Contidos e competencias adquiridas</b>   | <b>60 %</b>       | <b>Probas obxectivas</b>   |
| - <b>Traballo de clase</b><br>- <b>Libreta/dispositivo ind.</b><br>- <b>Estudo diario</b> | <b>20%</b>        | <b>Libretas</b><br><b>Ordenador</b><br><b>Actividades de aula</b>  |
| - <b>Proxectos</b><br>- <b>Tarefas</b>  | <b>20%</b>        | <b>Entrega a tempo</b><br><b>Organización</b><br><b>Exposición</b> |

**RECUPERACIÓN DE PROBAS NON SUPERADAS**

Se un alumno ou alumna tivera varios traballos incorrectos, podería presentar de novo, esta vez mellor, aquelas actividades non desenvolvidas correctamente, recuperándoas deste modo. Nos casos daquelas asignaturas nas que a avaliación sexa continua (caso

das linguas, nas que a maioría dos estándares de aprendizaxe son comúns ás tres avaliacións),, no caso de que o alumnado manifeste esforzo, atención e actitude positivas e un afán de mellorar, se este tivera unha avaliación anterior suspensa, podería tamén recuperala. Nas probas escritas inclúiranse preguntas sobre os contidos non superados na avaliación anterior e que se tratan exclusivamente nun trimestre concreto.

No caso da recuperación de avaliación, considerarase que a avaliación se recuperará coa nota da seguinte naquelas asignaturas con avaliación continua. Nas asignaturas con avaliación non continua, daráselle oportunidade aos alumnos de recuperar cunha exámen específico ou ben incorporando aspectos non superados das avaliacións previas nas novas probas ou traballos.

### **PROMOCIÓN A ETAPA SEGUINTE (ESO)**

Segundo o artigo 6 da citada Orde do 25 de xaneiro de 2022 regula a promoción en Educación Primaria, o seu artigo 6, fai referencia a PROMOCIÓN de sexto EP :

- Ao finalizar sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
- O alumnado que **non acade a promoción** permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter extraordinaria tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo

docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

(Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal )

- Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar (ESO)

### **PLAN E ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE REPITE OU PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE**

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu artigo 6 relativo á promoción de curso e de etapa nos seus apartados 1,3,4 e 4:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante la etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

4. A repetición consideraras unha medida de carácter excepcional e tomaras tras escotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver las dificultades de aprendizaxe do alumnado.
5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación. Neste curso escolar non hai ningún alumno/a que repita do curso anterior, si hai alumnos e alumnas con algunha materia suspensa, alumnado con ANEAE que si ten plan de reforzo, ademais do apoio que recibe de P.T e A.L. (e esperamos o reforzo de PROA+)

### **MENCIÓN HONORÍFICA**

Na Orden de 9 de junio de 2016 por la que se regula la evaluación y la promoción del alumnado que cursa educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia, no seu art. 5.4:

“Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.”

Considéranse os seguintes **criterios** para

- Ter unha media de sobresaliente, non acadando ningunha calificación menor de notable
- Non ter procedementos correctores
- Na última sesión de avaliación, o equipo docente, considera por unanimidade otorgar esa mención en unha o varias materias

## **DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS**

O deseño da avaliación inicial realizarase a partir dos contidos traballados no curso precedente e facendo fincapé nos aspectos considerados esenciais polo equipo docente para poder desenvolver o currículo de 6º de primaria, é dicir, nos obxectivos e contidos mínimos. Dita proba realizarase durante o mes de setembro ao comezo do curso.

Farase especial fincapé nos contidos de natureza instrumental e procedimental (comprensión e expresión escrita, razonamento lóxico-matemático e cálculo).

Os resultados da avaliación inicial proporcionarán información para adaptar os tramos iniciais da programación ás capacidades e competencias do alumnado e propór tarefas colectivas de reforzo nos aspectos curriculares máis problemáticos detectados nesta proba.

A avaliación proporcionará información individual sobre o alumnado para detectar dificultades de aprendizaxe e, en estreita colaboración do departamento de Orientación, iniciar un período de observación de cara a concretar as medidas de apoio e reforzo precisas.

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EN 6º E. PRIMARIA**

Tendo en conta que o noso traballo vai dirixido ao alumnado do 6º de primaria, teremos moi en conta a súa idade, as súas características físicas, sociais, intelectuais e emocionais.

Debemos recordar que non todos presentan as mesmas condicións nin características nin se atopan no mesmo momento madurativo.

Nos dous grupos temos alumnado que, por determinadas circunstancias familiares ou de evolución persoal, as súas respostas

educativas son diferentes. Polo tanto, o sistema educativo debe prestar especial atención a isto, adecuando as aprendizaxes a esta diversidade.

Levaremos a cabo estratexias metodolóxicas que favorezan o ensino individualizado, respectando sempre os ritmos, estilos de aprendizaxe, capacidades e motivacións das distintas nenas e nenos das aulas.

Nesta liña considérase indispensable a previsión e provisión de recursos específicos como elementos de apoio para equipos docentes (equipo de orientación educativa), así como a coordinación entre as diferentes instancias de planificación e decisión da práctica educativa (servizos de apoio, docentes, xefatura de estudos...) e a coordinación entre todo o equipo docente dos grupos.

Deste xeito, tratamos de dar resposta á diversidade facendo uso de medidas ordinarias e extraordinarias que van facilitar dito proceso.

Para iso dispoñeremos de medidas ordinarias e extraordinarias tal e como recolle o DECRETO 229/2011, de 7 de decembro, por el que se regula a atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la Comunidad Autónoma de Galicia en los que se imparten las enseñanzas establecidas en la Ley orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de educación.

Atendendo ás características que presenta o alumnado destes dous cursos e para dar unha maior resposta ás súas necesidades, dotaremos as aulas dos recursos tanto personais como materiais e medidas necesarios para adecuar as ensinanzas as súas características.

Algúns alumnos precisarán que se adopten medidas para facilitar a interiorización de contidos e facilitar así que todos poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos da etapa, como:

■ *Medidas ordinarias.*

- Acortando as actividades e tempos de realización das mesmas para facilitar a súa consecución.
- Metodoloxías de traballo colaborativo.
- Apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Reforzos educativos.
- Apoio por parte das familias con actividades de reforzo que faciliten a aprendizaxe nun determinado momento.

- Adecuación da programación ás características do alumnado que presenta dificultades.
- Programas de reforz/ampliación nas áreas instrumentais.

Se estas medidas organizativas son insuficientes para algún alumno, precisamos recurrir a algunha medida de tipo extraordinario.

■ *Medidas extraordinarias.*

- Apoio das mestras de PT (dentro ou fóra da aula).
- Adaptación curricular nas áreas instrumentais.

### **MATERIAIS E RECURSOS EN 6º E. PRIMARIA**

Os materiais a utilizar serán:

Ordenador personal (Edixgal); pantalla dixital; libretas e material propio (non compartido este curso dadas as circunstancias).

Na aula dispoñemos de conexión a internet Abalar utilizado como recurso imprescindible no traballo diario de aula en todas as materias.

Material aportado polo profesorado.

### **AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE**

Valoraremos a adecuación dos diferentes elementos que conforman esta programación aplicando a seguinte escala e indicadores de logro:

| Indicadores de logro  | Escala |   |   |   |
|---|--------|---|---|---|
|   | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos do currículo.                    |        |   |   |   |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.                                      |        |   |   |   |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.                     |        |   |   |   |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.                    |        |   |   |   |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.  |        |   |   |   |
| 6. Vinculación de cada estándar a procedemento e/ou instrumento de avaliación.                                    |        |   |   |   |
| 7. Asociación de cada estándar aos elementos transversais.  |        |   |   |   |
| 8. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.   |        |   |   |   |
| 9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.   |        |   |   |   |
| 10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.   |        |   |   |   |
| 11. Adecuación do libro de texto.   |        |   |   |   |
| 12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.                       |        |   |   |   |
| 13. Adecuación da proba de avaliación inicial.  |        |   |   |   |
| 14. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.   |        |   |   |   |
| 15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avliación contínua.  |        |   |   |   |
| 16. Adecuación dos criterios establecidos para recuperación dun exame.  |        |   |   |   |
| 17. Adecuación dos exames.  |        |   |   |   |
| 18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con ANEAE.   |        |   |   |   |
| 19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarios e extraescolares previstas.                           |        |   |   |   |
| 20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. |        |   |   |   |
| 21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.                          |        |   |   |   |

|   |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|
| 22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. |  |  |  |  |
| 23. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.                |  |  |  |  |
| 24. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.                |  |  |  |  |

### INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

|  | Escala |   |   |   |
|--|--------|---|---|---|
|  | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.               |        |   |   |   |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.              |        |   |   |   |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado     |        |   |   |   |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado                             |        |   |   |   |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado          |        |   |   |   |
|  |        |   |   |   |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.             |        |   |   |   |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |        |   |   |   |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |        |   |   |   |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.                                |        |   |   |   |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.                                   |        |   |   |   |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.                             |        |   |   |   |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.     |        |   |   |   |

## INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE

|  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.   |  |  |  |  |
| 2. Ofrécense a cada alumna/o as explicacións individualizadas que precisa.   |  |  |  |  |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.   |  |  |  |  |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.  |  |  |  |  |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.   |  |  |  |  |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo.  |  |  |  |  |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.   |  |  |  |  |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.  |  |  |  |  |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.   |  |  |  |  |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.   |  |  |  |  |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.   |  |  |  |  |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos, etc... |  |  |  |  |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                     |  |  |  |  |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.  |  |  |  |  |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.   |  |  |  |  |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están vinculadas á conseción do currículo.  |  |  |  |  |
| 17. Aválase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...  |  |  |  |  |

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias e extraescolares, están deseñadas para cumprir os obxectivos que se mencionan a continuación:

- Desenvolver aspectos non contemplados nos currículos e que propician o desenvolvemento integral dos alumnos.

- Contribuír ao afianzamento de valores relacionados coa socialización, o respecto aos demais, a solidariedade e a conservación do medio ambiente.
- Afianzar o rexeitamento ao consumo de sustancias nocivas e propiciar hábitos de alimentación e conduta que desenvolvan unha vida chea de saúde.
- Servir de nexo de unión entre o centro e o mundo exterior, achegando ao alumno á súa contorna e estimulando o seu interese polo coñecemento e a cultura.

O obxectivo fundamental da nosa tarefa é conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade formada no respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais. Para conseguir este fin, as actividades lectivas deben completarse con outras que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos.

Convencidos da importancia destas actividades, xa que contribúen a mellorar a calidade educativa e o desenvolvemento dos valores propios dunha sociedade democrática e participativa.

O elemento de diversión non debe ser o único que leve á realización das actividades complementarias. É posible por iso educar aos alumnos e ás alumnas para coñecer por que realizan unha determinada actividade, a programala e seleccionala en función das súas capacidades, interese e finalidades, e a avaliar o rendemento obtido. A visita a

museos, fábricas, concertos, intercambios, estudo e goce do patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social e practica deportiva, e en xeral un emprego construtivo do lecer, van aparecendo ante os alumnos non xa como un xogo, senón como un fenómeno cultural con implicacións, sociolóxicas, culturais, estéticas e económicas, un fenómeno que han de ser capaces de valorar criticamente, asumindo as responsabilidades que supoñen a súa conservación e mellora, apreciando como fonte de goce e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo. Con elas preténdese que consigan:

- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuizos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.
- Analizar os mecanismos e valores que rexen a sociedade co seu funcionamento, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos

cidadáns, e adoptar xuízos e actitudes persoais con respecto a eles.

- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valorando criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas. Para que este plan se poda levar a cabo é precisa a participación dos distintos membros da comunidade escolar e da administración educativa. Tamén hai que propiciar a participación de institucións, organizacións e empresas que sen ánimo de lucro, poidan colaborar.

Diferenciamos entre celebracións escolares e saídas que se desenvolven fóra do centro.

Participamos diferentes tipos de actividades:

- As celebracións escolares nas que participamos son:

- o Festas do outono (Samaín e magosto)

- o Nadal.

- o Entroido.

- o Semana da Prensa.

- o Conmemoracións sinaladas no calendario escolar para este ano 2019-2020.

- o Semana do libro.

- o Letras Galegas.

- o Celebración do Fin de Curso.

Tamén nas actividades propostas a partires dos proxectos de centro: Biblioteca e Normalización que este ano teñen como fío condutor o *Camiño de Santiago*

As saídas escolares veñen xestionadas polo aproveitamento didáctico das mesmas e a concordancia co currículo escolar.

Nembargantes condicionaremos ditas saídas a outros factores como son:

- Rentabilizar economicamente as saídas, aproveitando ó máximo as prazas do autobús.

- Tendo en conta a realidade do profesorado do centro.

- Este ano tendo en conta a situación COVID estamos a valorar, no momento de facer esta programación, a posibilidade de non facer

estas saídas ou non. (Dependerán do nivel de contaxio da contorna, e a adaptación ao protocolo COVID de cada actividade)

| <b>TRIMESTRE</b> | <b>MES</b> | <b>ACTIVIDADE/SAÍDA</b>  |
|------------------|------------|--|
| 1º T             | Outubro    | · Samín<br>Día das Bibliotecas escolares. (21/10)  |
|                  | Novembro   | · Magosto<br>· Día da Infancia (20/10)<br>Día Internacional contra a violencia de xénero (25/10)   |
|                  | Decembro   | · Do 2 ao 9 de decembro de 2019:<br>conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.<br>· Día Internacional das Persoas con Discapacidade.(3/12)<br>· Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10/12)<br>-Actividades do Nadal |
| 2º T             | Xaneiro    | · Día da paz. (30/01)  |
|                  | Febreiro   | · Actividades relacionadas co Entroido   |
|                  | Marzo      | · Día da muller traballadora. ( 8/03)<br>· Semana da Prensa (entre 6 e o 10)<br>· Día Mundial dos Dereitos do Consumidor(15 /03)   |

|   |       |  |
|---|-------|--|
| 3ºT   | Abril | ·Día Mundial da Saúde ( 7 /04) ·Día do Libro (entre 17- 21/04)             |
|   | Maio  | ·Semana das Letras Galegas Día de Europa (9/05)                            |
|   | Xuño  | ·Día Mundial do Medio Ambiente (5 /6)<br>· Días das persoas xordas (14/05) |
| Queda aberta as posibilidades das saídas, analizando, en cada momento, o nivel de restriccións da contorna, así como da adaptación do protocolo covid das mesmas. |       |  |

## **PROFESORADO**

O profesorado que conforma este curso e elabora esta programación é o seguinte:

Pilar Fernández Blanco (Titora de 6º A)

Juan Luis García Carlín (Titor de 6º B)

Lucía Peixoto Pino (Educación Física)

Patricia García de Francisco (Música)

Natalia Souto Muñoz (Arts)

Obdulia Romar Gerpe (Inglés)

Beatriz Viéitez Casas (Relixión)